



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS NO CONSELLO ESCOLAR

Infórmase a pais/nais/titores legais que está en marcha o proceso para a renovación parcial do Consello Escolar do Centro. Os seguintes artigos son os que se refiren á renovación dos representantes de pais/nais/titores legais no Consello Escolar, e que, neste caso, fíxanse en dous.

Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro e RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.


O **censo de pais** está exposto no taboleiro de anuncios do Colexio. Ata o día 7 de novembro estará aberto o prazo de reclamacións a este Censo. **O prazo de presentación de candidaturas estará aberto entre o 28 de outubro e o 7 de novembro. A data fixada para a elección é o xoves, día 20 de novembro, desde as 8,55 ata as 13,55 horas, no Colexio “Eloísa Rivadulla”.**

N O R M A T I V A

- A representación de pais/nais/titores no Consello Escolar do Centro corresponderalles a estes ou aos representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no Centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou, se é o caso, aos titores legais.
- A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. A este efecto constituirase unha mesa integrada polo director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. A mesa electoral encargarase de presidir a votación, conservar a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.
- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores propostos pola Asociación de pais de Alumnos ou avalados para iso pola sinatura de dez electores.
- O Censo Electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do Centro con dez días, polo menos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación de pais ou titores legais dos alumnos.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que acreditará a súa personalidade mediante presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo da mesma, fará constar na súa papeleta un máximo de **un nome**.

Chantada, outubro de 2024.

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL
José Benito Pérez Vázquez



SRES/AS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS DOS/AS ALUMNOS/AS DO C. E. I. P. Plurilingüe
"ELOÍSA RIVADULLA" - CHANTADA.-